

Frades, 1988

**Informante:** Sánchez, Concepción "do Piñeiro" Souto, Carmen "de Porro" Rodríguez, Pura "de Lanza" Manuela "do Pazo"

**Compilador:** Baldomero Iglesias (Mero)

**Transcripción:** Rebeca Carrera Argibay

1. [cortado]  
que ch' hei de dar un pataco  
non quero bicos dos homes  
que me cheiran ó tabaco.

*E telo, e telo,  
e n' o queres dar  
e despois de vello  
ha-lo de salar,  
ha-lo de salar,  
ha-lo de salar,  
e te-lo, e te-lo,  
e n' o queres dar.*

2. Costureiriña bonita  
dáme un alfiler de plata  
para sacar unha espiña  
/: do corazón que me mata :/x3

3. /: A raíz do toxo verde  
é moi mala de arringar-e :/  
os amoriños primeiros  
son moi malos de olvidar-e.

*Ei veñen, ei veñen,  
ei veñen, ei van  
sardiñas fresquiñas  
de pola mañán,  
de pola mañán,  
de pola mañán  
ei veñen, ei veñen,  
ei veñen, ei van.*

4. Pandeireta toca ben-e  
as ferriñas dálle o son-e  
as nemiñas que i-a tocan  
eran de Vilamaior-e.

*A tu puerta me tienes  
como si fuera  
i-un perrito de caza  
y que me mordiera  
que te mordiera  
a tu puerta me tienes  
como si fuera.*

5. De tu puerta i-a la mía  
hai unha largha cadena  
toda llena de suspiros  
toda de suspiros llena.

*A la mar que te vas  
mal marínero \*  
a la mar que te vas  
yo me voy contigo,  
me voy contigo,  
me voy contigo  
a la mar que te vas  
mal marínero \**

6. Quisiera volverme hiedra  
y subir por las paredes  
entrar en tu habitación-he  
por ver el dormir que tienes.

*A la mar que te vas...*

7. Dá la vuelta marínero  
que también la dá la luna  
si la dá que no la dea  
yo no doy vuelta ninguna.

*Ai la la la la la  
ai la la la la  
ai la la la la la la  
la la la la la*

8. Tengo que morir cantando  
porque llorando nací-e  
neste mundo se acabaron  
los placeres para mi-e.

*Ai la la la la la...*

9. Tienes dos ojos en cara  
que parecen dos luceros  
/: los ghuardaras para mi-e  
qu' estamos los dos solteros :/

10. Por decir que me casei-e  
non me perda-lo cariño  
inda poido viudar-e  
e despois salgho contigo.

## ID#451

11. /: Da ventana do meu pai-e  
vexo o lughar a meu soghro :/  
máis quixera verlle ó fillo  
e non verll' o lughar todo.

12. /: O muíño de meu pai-e  
eu ben lle sei o tempero:/  
cando 'stá i-alto beixalo  
cando 'stá baixo erghelo.

13. /: Anduveches t' alabando  
que m'habías de deixar-e:/  
agora déixoti eu-e  
corre ben, vai' alabare.

14. Pequeñiñas e ben feitas  
así as quer' o meu peto \*\*  
nin pequeniñas de arrollo  
nin ghrandes que poñan medo.

15. /: María ten sete saias  
todas elas lle están ben-he :/  
debaixo das sete saias  
ten a máquina do tren-he.

*Ei veñen, ei veñen...*

16. /: Beilador, beiladoriño :/  
se queres ser beilador-e  
has de beilar amodiño.

\* Non coinciden as cantadoras: unha di *mal marinero* e outra *marinerito*.

\*\* Quizais *peito*. A copla é moi coñecida con *Pedro* pero non parece dicir iso.